

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria para a posta en marcha en 2024 e 2025 do programa integral de formación e mentoring destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

No lugar e na data da sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha parte, don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991, e de conformidade co establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica de Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

E doutra, don Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago e presidente do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria, nomeado presidente por acordo unánime do Consello de Goberno de 19 de xaneiro de 2024, en virtude do disposto nos artigos 8º e 10º.3 dos seus estatutos, publicados no *Diario Oficial de Galicia* número 75 do 19 de abril de 2006, por Resolución do 17 de marzo de 2006.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.



EXPOÑEN

Primeiro. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo. Que as universidades públicas galegas de Santiago de Compostela e A Coruña asinaron o 24 de febreiro de 2006 un convenio de colaboración no que se establece a creación dun consorcio destinado ao desenvolvemento de aplicacións informáticas para xestión universitaria, denominado Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (en adiante Cixug). O dito convenio foi publicado por Resolución do 17 de marzo de 2006, no *Diario Oficial de Galicia* número 75 do 19 de abril de 2006.

A Universidade de Vigo adhírese, de conformidade co disposto na cláusula sexta do antedito convenio, como membro activo e permanente por Acordo do Consello de Goberno de 4 de maio de 2009.

De acordo co artigo 3 dos seus Estatutos, publicados por Resolución do 21 de febreiro de 2013 (*Diario Oficial de Galicia*, número 61, do 27 de marzo de 2013) que modifican os publicados por Resolución do 17 de marzo de 2006, o Cixug ten competencia para "solicitar subvencións e asinar convenios ou contratos que redunden en beneficio das entidades consorciadas".

Terceiro. Que a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, sinala no artigo 7 que constituirán obxectivos prioritarios da planificación xeral dos programas relacionados coa educación o apoio da educación non formal da xuventude como complemento da educación regrada, co obxecto de contribuír á aprendizaxe permanente. Así mesmo, no artigo 8 recolle que a Xunta de Galicia promoverá políticas activas que favorezan o emprego xuvenil, que terán, con carácter xeral, os obxectivos da mellora da empregabilidade da mocidade, a mellora da



adaptabilidade e a igualdade de oportunidades da mocidade, en especial a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral.

Cuarto. Que de conformidade co establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica de Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, correspóndelle a dito órgano superior da Xunta de Galicia propoñer e executar políticas de xuventude e voluntariado, a través da Dirección Xeral de Xuventude, que asume o exercicio das ditas competencias e funcións.

Quinto. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera prioritario apoiar medidas que contribúan á activación das persoas mozas non ocupadas nin integradas nos sistemas de formación ou educación e que incrementen a súa mobilidade e autonomía persoal e, sobre todo, as súas oportunidades de emprego e acceso ao mercado de traballo.

Para a consecución do dito obxectivo de acceso ao mercado laboral, o Cixug puxo en marcha en 2021 a primeira edición dun pioneiro programa integral e transversal (Xuventude Mentoring) que aunaba formación en habilidades e competencias e mentoring por parte de persoas mentoras expertas. Todo iso en colaboración e cooperación entre os ámbitos educativo, da administración pública e empresarial.

Os bos resultados acadados en anteriores edicións tanto en termos de comprobación metodolóxica como en mellora da empregabilidade e inserción laboral das persoas mozas participantes, avalan a continuidade do Programa Xuventude Mentoring para os anos 2024 e 2025.

Sexto. Que, ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acredítanse razóns de interese público, social e económico para a concesión directa dunha nova subvención pública a través da subscripción deste convenio:

En primeiro lugar, por integrar no seu seo ás tres universidades públicas de Galicia o Cixug convértese no axente aglutinador de referencia en todo o territorio galego, facilitando o



fomento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e no que á educación superior e mellora da empregabilidade das persoas mozas se refire.

Adicionalmente, a través dos centros, servizos e unidades que as integran, as tres universidades que compoñen o Cixug dispoñen dun amplo coñecemento sobre todos os aspectos relevantes a ter en conta en relación á formación e o apoio na busca de emprego por conta propia ou allea trala finalización dos estudos, tanto desde a perspectiva das competencias técnicas como das necesarias habilidades e competencias persoais que deben adquirir estas persoas mozas para un resultado máis eficiente.

E por último, polas competencias do Cixug como axente integrador dos desenvolvementos informáticos e procedimentais das universidades que o integran, dispón das competencias para o desenvolvemento da plataforma única de xestión e seguimento do programa.

Sétimo. Que esta operación está cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, nunha porcentaxe do 60 %.

En consecuencia, é de aplicación e dáse debido cumprimento ao disposto no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e a Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e ou Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados; o Regulamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se deroga o Regulamento (UE) núm. 1296/2013, Orde TES/106/2024, de 8 de febreiro, pola que se determinan gastos subvenionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027

Oitavo. Que, de conformidade co Programa FSE+ Galicia 2021-2027, a mellora na empregabilidade da mocidade permitirá reducir os desaxustes existentes no mercado de traballo e cubrir as necesidades de man de obra. Este fin enmárcase dentro do dito programa do



seguinte xeito:

Obxectivo Político: 4. Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

Prioridade: 5. Emprego xuvenil.

Obxectivo Específico: ESO4.1. Mellorar o acceso ao emprego e a medidas de activación de todos os demandantes de emprego, e en particular das persoas mozas, especialmente a través da aplicación da Garantía Xuvenil, dos desempregados de longa duración e os grupos desfavorecidos no mercado laboral, e das persoas inactivas, así como mediante a promoción do emprego por conta propia e a economía social.

Medida: 5.A.06. Programa Xuventude Mentoring.

A liña de actuación de mellora da empregabilidade encádrase no catálogo de actuacións recollidas no Sistema nacional de garantía xuvenil, en adiante, SNGX, regulado na Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Por todo isto, formalizan o presente convenio con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e mailo Cixug, para o financiamento en 2024 e 2025, dun programa de formación e *mentoring* (Xuventude Mentoring) destinado a persoas mozas que teñan rematado os seus estudos nunha universidade ou centro de estudos da Comunidade Autónoma de Galicia, inscritas e beneficiarias do SNGX no ámbito da dita comunidade autónoma no momento da súa selección como participantes do programa, co fin de



favorecer a transición das ditas persoas mozas desde a vida académica á laboral, que se describe no Anexo a través da concesión directa dunha subvención da Consellería.

Non é posible promover a concorrência pública xa que o Cixug é a única entidade conformada e participada polas tres universidades públicas de Galicia que se constituíu para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria de Galicia.

As persoas mozas participantes deberán, ademais, ter cumpridos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do SNGX, de conformidade co disposto no artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Os obxectivos deste programa son os seguintes:

- a) Facilitar ás persoas novas tituladas un programa integral, da man de persoal experto, empresarios/as e profesionais con experiencia, co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade, así como apoiar e optimizar a súa procura de emprego, cun obxectivo de inserción laboral do 50% das persoas participantes.
- b) Aumentar a empregabilidade das persoas mozas participantes, dotándoas de competencias e habilidades actualmente imprescindibles para a súa inserción no mercado laboral: fluidez tecnolóxica, intelixencia social, espírito de innovación, creatividade, habilidades comunicativas.
- c) Demostrar ás empresas con sede na comunidade autónoma as capacidades e talento das persoas novas, así como integrar a participación no Programa Xuventude Mentoring como unha boa práctica no ámbito da responsabilidade social empresarial.
- d) Manter e promocionar a plataforma dixital posta en marcha para as persoas novas galegas con titulación universitaria ou de formación profesional superior, interesadas en atopar un traballo por conta allea ou por conta propia adaptado á súa formación regrada.
- e) Consolidar un ecosistema de colaboración entre os ámbitos educativo (universidades, centros de formación profesional), da administración pública autonómica e do ámbito empresarial que,



baixo unha idea de traballo en rede, fomenten a xeración de emprego cualificado na Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Abordar o dito impulso dentro do Sistema Universitario de Galicia de xeito coordinado e integrado, facilitando o acceso ao conxunto de contidos e recursos baixo principios colaborativos entre a administración autonómica, o Cixug e as universidades que o integran.

Segunda. Actividades a desenvolver no programa a subvencionar

1. Para a consecución dos ditos obxectivos, o Cixug desenvolverá as actividades necesarias para garantir que as persoas participantes no programa reciban os seguintes servizos:

- a) Avaliación inicial e determinación do perfil profesional.
- b) Formación presencial ou en liña, en centros universitarios, centros de negocios ou en espazos para a mocidade, dirixidas a desenvolver habilidades e competencias nos participantes adaptadas ás necesidades das empresas. A dita formación distribuirase en módulos obrigatorios (cun mínimo de 20 horas) e en módulos optativos para as persoas mozas participantes (cun mínimo de 20 horas).
- c) Asesoramento e apoio para a busca de emprego, por conta allea ou por conta propia a través dun mentor específico.
- d) Eventos e visitas a empresas destinadas a mellorar a empregabilidade e establecer unha rede de contactos (networking).
- e) Titorización e seguimento continuado polo equipo especializado do programa.

2. Os contidos mínimos que haberá de incluír no Programa Xuventude Mentoring así como as súas fase de execución aparecen sinalados no Anexo a este convenio.

Terceira. Financiamento e compatibilidade

1. A achega financeira deste convenio, no que atinxe á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, establécese nas seguintes contías por anualidade, con cargo á partida orzamentaria



43.05.313A.444.0 (código de proxecto 2023 135), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia:

2024: 198.407,08 euros

2025: 801.592,08 euros

Esta subvención está cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 nunha porcentaxe do 60%, en particular:

Obxectivo Político: 4. Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

Prioridade: 5. Emprego xuvenil.

Obxectivo Específico: ESO4.1. Mellorar o acceso ao emprego e a medidas de activación de todos os demandantes de emprego, e en particular das persoas mozas, especialmente a través da aplicación da Garantía Xuvenil, dos desempregados de longa duración e os grupos desfavorecidos no mercado laboral, e das persoas inactivas, así como mediante a promoción do emprego por conta propia e a economía social.

Medida: 5.A.06. Programa Xuventude Mentoring.

2. Esta axuda é incompatible con outras axudas para a mesma finalidade.

Cuarta. *Gastos subvencionables*

1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento programa. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes



provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

En todo caso, deberán respectar o disposto no Regulamento 2021/1060 do 24 de xuño e a Orden TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo fondos Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

2. O período de subvencionabilidade dos gastos previstos a subvencionar a través deste convenio abrangue:

- Anualidade 2024: desde o 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2024

- Anualidade 2025: desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025

3. Neste convenio de concesión de subvencións incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e a Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e ou Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados. En concreto, aplicarase un tipo fixo do 40% sobre os custos directos de persoal subvencionables para o financiamento dos outros gastos directos e indirectos, conforme ao disposto no artigo 53.1.d) do dito Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e adicionalmente, no seu artigo 56.1. Polo tanto, o importe total subvencionable determinarase como a suma dos custos directos de persoal subvencionables máis o 40% destes custos directos de persoal en concepto doutros custos directos e indirectos da actividade.

4. Serán subvencionables en concepto de custos directos de persoal:



a) As retribucións salariais brutas totais do persoal de nova contratación do Cixug ou das universidades que o compoñen, incorporado ao equipo de xestión coas funcións descritas na cláusula sétima, cunha dedicación do 100% ao programa, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora indicada.

Nos contratos de traballo que se formalicen deberán facerse constar as funcións a realizar, a vinculación ao programa e o cofinanciamento polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+), nun 60%, con cargo ao Programa FSE+Galicia 2021-2027, no obxectivo político 4, prioridade 5, obxectivo específico ESO4.1, medida 5.A.06.

b) As retribucións salariais brutas totais do persoal propio do Cixug ou das universidades que o compoñen, sen limitación porcentual, correspondentes ao tempo efectivo dedicado á execución das actividades descritas na cláusula segunda, en coordinación co equipo de xestión definido na cláusula sétima deste convenio, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora.

Neste caso deberá achegarse unha resolución expresa acreditativa da adscrición do persoal ao programa, coa porcentaxe media de xornada destinada como máximo ao programa e o período polo que se adscribe.

c) No caso de contratación mercantil ou externa serán subvencionables os custos de persoal que formen parte da prestación do servizo externo, sempre que o persoal sexa necesario para o desenvolvemento da actividade subvencionada, e o custo pola súa contratación estean claramente identificados e detallados na factura.

De acordo co disposto na Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, os custos de persoal serán subvencionables na medida en que o empregador incorrese neles efectivamente e xustifíquense mediante os correspondentes medios autorizados acreditativos do gasto e do pago.

5. Serán subvencionables en concepto de outros custos directos: a elaboración e deseño de materiais e guías formativas, así como os contidos e mantemento da páxina web; a organización de actividades formativas, visitas a empresas, actividades de networking e do evento final; os gastos de publicidade para a organización e difusión da actividade subvencionada; os gastos de seguros



destinados a cubriren continxencias de risco derivadas da actuación subvencionada; os gastos de transporte por desprazamentos das persoas participantes en actividades programadas; as axudas de custo e gastos de locomoción das persoas mentoras e do persoal que desenvolve a actividade.

6. Serán subvencionables en concepto de custos indirectos: gastos en bens consumibles y material fungible, comunicacións, gastos de alugamento de instalacións, subministros (luz, auga, calefacción, teléfono, limpeza e seguridade).

7. Para a determinación do importe subvencionable correspondente aos outros custos directos e indirectos, segundo os apartados 5 e 6 anteriores, estarase ao disposto nos artigos 53.1.d) e 56.1 do Regulamento (UE) 2021/1060, acorde ao que será subvencionable por estes conceptos o importe resultante de aplicar unha porcentaxe do 40% sobre os custos directos de persoal subvencionables, segundo o previsto no apartado 4.

8. A acreditación dos custos directos de persoal realizarase presentando a seguinte documentación:

- a) Para o caso de persoal de nova contratación, contratos de traballo.
- b) Nóminas correspondentes ao persoal vinculado á operación relativas ao tempo de duración da mesma.
- c) Certificado de asignación de persoal no que se reflicta o tempo estimado de dedicación á actuación.
- d) Documentos acreditativos do pago das cotas á Seguridade Social
- e) No caso de contratación mercantil dos gastos de persoal: Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente polo importe correspondente ao persoal contratado, así como os correspondentes xustificantes bancarios acreditativos do seu pagamento. No xustificante bancario deberá constar o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa que emite a factura. Memoria descritiva das actividades realizadas e fichas de seguimento e avaliación das persoas participantes.



Quinta. Xustificación e pagamento

A xustificación da axuda realizarase de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo fondos Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

Igualmente, a xustificación levarase a cabo segundo o previsto no artigo 53.1.a) do Regulamento (UE) 2021/1060, para os custos directos de persoal, e para os gastos subvencionables distintos, de acordo co establecido nos artigos 53.1.d) e 56.1 do devandito Regulamento, utilizando un tipo fixo do 40% dos custos directos de persoal subvencionables.

Poderán realizarse pagamentos anticipados e á conta das achegas financeiras previstas na cláusula terceira, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e neste convenio, como se indica:

a) Pagamentos anticipados.

- Anualidade 2024: unha vez asinado o convenio e co inicio de polo menos, a actividade de difusión e captación de persoas mentoras e entidades colaboradoras, o Cixug poderá solicitar expresamente o anticipo por un importe máximo de 198.407,08 euros correspondente ao (100%) del anualidade 2024. Os gastos imputados a este anticipo deben estar realizados antes del 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que se xustifique na data límite o 15/03/2025.

Xunto coa solicitude de anticipo presentará a seguinte documentación:

1º Certificado do órgano competente do Cixug relativo á xustificación da/s actividade/s iniciadas.

2º Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa coa Administración pública da Comunidade de Galicia, ou certificados dos órganos emisores



- Anualidade 2025: poderá anticiparse como máximo ata o 40% do importe da axuda concedida.

En todo caso, o importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que no seu caso se concederon non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

No caso de que a xustificación da anualidade anterior sexa insuficiente e dea lugar a unha minoración da axuda, o importe minorado detraerase do importe desta anualidade.

O Cixug poderá presentar a solicitude deste anticipo, xunto coa documentación establecido no punto anterior, no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao pagamento da anualidade 2024.

b) Pagamentos parciais á conta: faranse efectivos, para anualidade de 2025, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución das actividades obxecto da axuda.

3. Establécense as seguintes datas límite de xustificación da axuda concedida:

- Anualidade 2024 (gastos desde o 1 de setembro ata o 31 de decembro 2024): ata o 15 de marzo de 2025.

- Anualidade 2025 (gastos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de agosto de 2025): ata 15 de setembro de 2025.

Xunto con estas solicitudes de pagamento, o Cixug deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificado do órgano competente do Cixug dos gastos subvencionables realizados con cargo ao programa subvencionado polo convenio ata a data, de acordo co disposto na cláusula cuarta.
- Memoria descritiva das actividades realizadas ata a data.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade de Galicia, ou certificados dos órganos emisores.



- Documentación xustificativa dos gastos directos de persoal, conforme ao previsto na cláusula anterior do presente convenio.

Ademais da documentación anterior, coa solicitude de liquidación final o Cixug deberá presentar a seguinte:

- Fichas de seguimento e avaliación das persoas mozas participantes.
- Declaración responsable do conxunto de todas as solicitudes de axudas ou subvencións efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

Por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Dirección Xeral de Xuventude procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada e aos anticipos e liquidacións parciais percibidas, no seu caso.

4. De acordo co establecido no artigo 65.4.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, o Cixug queda exonerado da constitución de garantías as entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia as que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 1º deste regulamento.

Sexta. Obrigas do Cixug

O Cixug, ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, estará suxeito ás seguintes obrigas:

- a) O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, incluído o de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- b) O cumprimento da normativa comunitaria aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, o Regulamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo



que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se deroga o Regulamento (UE) núm. 1296/2013, así como Orden TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo fondos Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

c) Realizar as actividades para as que se concede a subvención, de conformidade co programa que se determina no Anexo.

d) Acondicionar e dotar as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade e saúde laboral que permitan o normal desenvolvemento das actividades formativas desde o inicio do programa.

e) Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do programa subvencionado, especialmente as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.

f) Garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no deseño e desenvolvemento do programa.

g) Comunicarlle ao órgano que concede a subvención calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos e, de ser o caso, a solicitude e/ou obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional

h) Respetar as normas de subvencionabilidade do gasto financiado polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, do Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021, así como na Orden TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo fondos Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.



i) Asegurarse de que os gastos declarados son conformes coas normas aplicables, no seu caso, e que non existe dobre financiamento do gasto con outros réximes comunitarios ou nacionais así como con outros períodos de programación do Fondo Social Europeo.

j) Llevar e establecer as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos, de ser o caso ao abeiro do artigo 10.1 do Regulamento de Execución (UE) nº 1011/2014, da Comisión, do 22 de setembro de 2014, polo que se establecen normas detalladas para a aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos modelos para a presentación de determinada información á Comisión e normas detalladas sobre os intercambios de información entre beneficiarios e autoridades de xestión, autoridades de certificación, autoridade de auditoría e organismos intermedios.

k) Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

l) Conservar os documentos orixinais ou copias debidamente compulsadas ou ben en soportes de datos comunmente aceptados, en especial versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes unicamente en versión electrónica, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Estes documentos deberán ser conservados durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario, nos termos establecidos no artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

m) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude; ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que



incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas; ou a outros órganos da Administración do Estado.

n) Someterse ás actuacións de comprobación e control e facilitar toda a información requirida polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 74 a 80 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

ñ) Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de realización e de resultados previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

Os indicadores de realización relativos a persoa solicitante refírense a data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación do/a participante coa actuación subvencionada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior a finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención.

Así mesmo, a Administración poderá requirir en calquera momento novos datos relativos á data na que se cumpran os seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito Regulamento.

Para estes efectos, facilitarase á entidade beneficiaria o acceso á aplicación Participa 2127 (<https://participa2127.co nselleriadefacenda.gal/ Participa2127>) e os oportunos cuestionarios, que terán que respectar o principio de integridade dos datos.

Para dar cumprimento a estes requisitos de información, a entidade beneficiaria deberá



introducir os datos dos indicadores de realización e de resultados das persoas participantes na aplicación informática Participa 2127.

o) Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito Regulamento, nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración 'Cofinanciado pola Unión Europea'. Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible.

Sétima. *Equipo de xestión do programa*

1. O Cixug designará un equipo de xestión do programa que estará formado, como mínimo, polos seguintes perfís a xornada completa:

- a) 9 persoas técnicas especialistas en prospección empresarial/capacitación profesional/orientación.
- b) 1 persoa técnica especialista en tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

2. Na selección do persoal do equipo de xestión poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

Corresponderalle ao Cixug determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, establecer os baremos e, se é o caso, as probas que poidan



aplicarse, así como elaborar as convocatorias ou preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procede.

A selección definitiva deberá realizarse entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública, se é o caso.

Terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atopen en situación de desemprego.

3. Serán funcións do equipo de xestión, entre outras, as seguintes:

- a) Contidos e mantemento do espazo web propio do programa.
- b) Realización de actividades de difusión, visibilización e información do programa.
- c) Captación e contacto coas persoas e entidades mentoras.
- d) Convocatoria e selección das persoas mozas participantes.
- e) Titorización e seguimento individualizado das persoas mozas participantes.
- f) Organización das actividades de formación, visitas a empresas e networking.
- g) Elaboración de informes e memorias sobre o programa.
- h) Coordinación e seguimento das actividades.
- i) Definición metodolóxica dos servizos e actividades a desenvolver.
- j) Calquera outra necesaria para a consecución dos obxectivos do programa.

Oitava. Entidades colaboradoras do programa

1. Para o desenvolvemento do programa, o Cixug promoverá a participación doutras entidades e organismos, de natureza pública e/ou privada. En particular, poderán subscribirse acordos de adhesión ao Programa Xuventude Mentoring coa seguinte tipoloxía de entidades:



- a) Empresas.
 - b) Asociacións, clústers empresariais e outras entidades sen ánimo de lucro.
 - c) Centros de coñecemento colaboradores.
 - d) Outras institucións.
2. A participación das ditas entidades e organismos poderá supoñer a asunción de unha ou varias das seguintes tarefas:
- a) Difusión e promoción do programa.
 - b) Achega de persoas mentoras para a titorización e apoio das persoas mozas participantes.
 - c) Promoción nas actividades formativas/de networking que se organicen ao abeiro do programa.
 - d) Posta a disposición de locais espazos desta entidade para a organización de actividades.
3. A devandita participación, sen contraprestación económica, suporá a asunción das seguintes obrigas en materia de información e publicidade:
- a) Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47, 50 e Anexo IX do devandito Regulamento.
 - b) Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público.

Novena. Vixencia

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2025.



Décima. Causas de resolución, modificación e denuncia

1. O incumprimento total ou parcial por parte do Cixug das obrigas establecidas neste convenio así como na demais normativa aplicable e, con carácter xeral, nas axudas e subvencións públicas que se outorguen con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia orixinará, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas en concepto de axuda máis os xuros de demora nas condicións e, de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo do establecido no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

De conformidade co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe que se reintegrará determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión da subvención:

- a) Incumprimento das condicións exixidas para a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.
- b) Non realizar a actividade, ou adoitar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.
- c) Incumprimento das obrigas de presentación de documentación esixida para a xustificación dos gastos: no caso de que non se presente ningunha documentación procederá o reintegro do 10 por cento sobre o gasto subvencionado e, no suposto de presentación de parte da documentación exixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe que se reintegrará será proporcional ao gasto non xustificado.
- d) Incumprimento das obrigas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas neste convenio: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.
- e) Incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada establecida na cláusula sexta deste convenio: reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.



f) Incumplimento da obriga de manter unha pista de auditoría suficiente establecida na cláusula sexta deste convenio: reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

g) Incumplimento da obriga de realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións establecida na cláusula sexta deste convenio: reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

h) Incumplimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas, reintegro do 5%.

i) Incumplimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención de outras axudas, reintegro do exceso percibido máis xuros de demora, sen prexuízo das sancións que puideran corresponder.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

A solicitude e/ou obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Dirección Xeral de Xuventude tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa das accións realizadas.

3. Igualmente, poderán ser causas de resolución deste convenio as establecidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo primeira. Comisión de seguimento e control

Constitúese unha comisión de seguimento e control, que levará a cabo o seguimento do presente convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan presentar.

A comisión estará composta por ata un máximo de 8 representantes designados paritariamente a proposta de cada unha das entidades asinantes do convenio. A referida comisión estará presidida



pola persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, ou persoa que a substitúa de conformidade co establecido no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Xuventude, así como as persoas que as substitúan, con voz e sen voto

A comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, aos efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo segunda. *Relacións contractuais ou laborais*

A subscrición do convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e empregados do Cixug que desenvolvan as actividades programadas e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Décimo terceira. *Obrigas de publicidade*

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase a información necesaria á Base de Datos Nacional de Subvencións.



A sinatura deste convenio podería implicar a súa aparición na lista de operacións que se publique nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

Décimo cuarta. Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.



A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. En concreto, serán comunicados á Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 72 e 73 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo quinta. *Transparencia e bo goberno*

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o Cixug deberá subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



Décimo sexta. Loita contra o fraude

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer ditos feitos en coñecemento do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención General de la Administración del Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada ao efecto e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, de 3 de abril, do citado Servizo, no seguinte enderezo:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>

En tanto non se habilite outra canle específica para o Programa FSE+ Galicia 2021-2027, os devanditos feitos poderán poñerse en coñecemento a través da seguinte:

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Décimo sétima. Lexislación aplicable e xurisdición competente

O presente convenio terá carácter administrativo, rexendo os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan xurdir, así como no que lle sexa aplicable polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e demais normas de aplicación.

Igualmente, é de aplicación o disposto no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, o Regulamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e



do Consello, do 24 de xuño de 2021, así como na Orden TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinas nos gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio de colaboración serán resoltas polo conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, que poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditara no prazo dun (1) mes segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa. Para estes efectos o Tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Polo Cixug

O conselleiro

O presidente

Asdo.: José López Campos

Asdo.: Antonio López Díaz



ANEXO

Programa Xuventude Mentoring 2024-2025

Cada edición do Programa Xuventude Mentoring contará cun máximo de 250 persoas mozas tituladas inscritas e beneficiarias do SNGX no ámbito da comunidade autónoma de Galicia estruturase nas seguintes fases:

0. Difusión do programa e captación de entidades colaboradoras/persoas mentoras
1. Convocatoria
2. Selección das persoas mozas participantes
3. Titorización, formación e *mentoring* ás persoas mozas participantes seleccionadas
4. Fin do programa e seguimento

1. Convocatoria

A convocatoria para a selección das persoas mozas participantes realizarase polo equipo de xestión, a través da espazo propio que se creará para o programa (xuventudementoring.gal).

Así mesmo, a convocatoria será publicada na páxina web <http://xuventude.xunta.es/>.

Así mesmo, realizarase a difusión da mesma a través de outros medios como redes sociais, radio, prensa, etc.

As entidades colaboradoras, se é o caso, apoiarán a difusión do Programa Xuventude Mentoring incorporando un enlace á web do programa nas súas respectivas páxinas web institucionais.

A convocatoria terá o seguinte contido mínimo:



- Requisitos para poder participar.
- Prazo e forma de presentación das solicitudes,
- Criterios obxectivos de selección e procedemento.
- Medios de notificación e comunicación.
- Compromisos derivados da participación.
- Causas de exclusión.

As persoas mozas formalizarán a súa solicitude de participación achegando a documentación que se estableza nas bases. Poderán participar no programa aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos na data de selección como participantes:

a. Ter rematados os estudos universitarios ou de formación profesional superior nunha universidade ou centro de estudos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Exceptúanse do anterior criterio:

- As persoas mozas tituladas universitarias ou de formación profesional superior que acrediten que, no momento de ter iniciado os seus estudos, estes non se impartían en ningunha universidade ou centro de estudos en Galicia.

- As persoas mozas tituladas universitarias ou de formación profesional superior coa condición de emigrantes retornadas, sempre e cando a dita titulación estea debidamente homologada.

b. Estar inscritas no SNGX e figurar como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

c. Ter cumpridos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do SNGX, de conformidade co disposto no artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

2. Selección



A selección das persoas participantes realizarase polo equipo de xestión do programa entre aquelas que cumpran os requisitos e condicións fixados nas bases da convocatoria.

Para o caso de que existan máis solicitudes que prazas, teranse en conta, cando menos, os seguintes aspectos prioritarios:

- Maior idade.
- Menor experiencia laboral na súa categoría profesional.
- Mellor expediente académico.
- Pertenza a un colectivo de difícil inserción laboral: persoas con discapacidade ou colectivos en risco de exclusión.
- Motivación e entrevista persoal.

O proceso de selección estruturarase nas seguintes subfases:

Subfase 1: Revisión administrativa do cumprimento dos requisitos de participación.

Subfase 2: Avaliación da solicitude presentada.

Subfase 3: Entrevista persoal.

Ao longo destas subfases o equipo de xestión seleccionará a un máximo de 250 persoas mozas para a fase de formación e mentoring.

3. Formación e *mentoring* ás persoas participantes seleccionadas

Unha vez seleccionadas, as persoas participantes recibirán, durante un período aproximado de 3 meses:

- a) Avaliación inicial e determinación do perfil profesional.



b) Formación presencial ou en liña, en centros universitarios, centros de negocios ou en espazos para a mocidade, dirixidas a desenvolver habilidades e competencias nos participantes adaptadas ás necesidades das empresas. A dita formación distribuirase en módulos obrigatorios (cun mínimo de 20 horas) e en módulos optativos para as persoas mozas participantes (cun mínimo de 20 horas).

c) Asesoramento e apoio para a busca de emprego, por conta allea ou por conta propia a través dun mentor específico. Cada persoa mentora terá, cando menos, 3 reunións co mentorizado/a, de forma presencial ou por medios telemáticos.

d) Eventos e visitas a empresas destinadas a mellorar a empregabilidade e establecer unha rede de contactos (networking).

e) Titorización e seguimento continuado polo equipo especializado do programa.

4. Fin do programa e avaliación

Cando remate cada período de formación e mentoring, o equipo de xestión do programa realizará unha avaliación individual de cada persoa participante co seguinte alcance:

- Avaliación inicial e perfil profesional
- Sesións de asesoramento e titorización realizadas
- Actividades de formación realizadas
- Outras actividades realizadas (visitas, networking...)
- Ficha de mentoría (que inclúe as sesións realizadas e a valoración da persoa mentora)
- Obxectivos de empregabilidade acadados
- Inserción laboral

A inserción laboral, por outra banda, será revisada para cada unha das persoas mozas participantes aos 6 meses contados desde a finalización da súa participación no mesmo.



